

PROTOCOLO DE PROTECCIÓN RESPIRATORIA ANTE CONTAXIO POR COVID-19

Existen dous tipos de filtrado que protexen fronte ao COVID-19: FFP2 e FFP3.

TIPOS: SEMIMÁSCARAS E MASCARILLAS

Semimáscaras FFP2R e FFP3R (R: reutilizable) con filtros.



Máscaras FFP2NR e FFP3NR (NR: non reutilizable).



O SPIF **dispón** de 4000 uds. de semimáscaras FFP2R e 3000 uds. de semimáscaras FFP3R cos seus filtros correspondentes (ambos modelos xa entregados aos/ás Bombeiros/as Forestais).

O equipo de protección respiratoria do que dispón o SPIF é dunha gran calidade, e garante a seguridade ante o risco de contaxio do COVID-19 por inhalación, xa que as semimáscaras reutilizables posúen unha superior estanqueidade que as non reutilizables.



MODO DE EMPREGO:

Semimáscaras FFP2R/FFP3R (reutilizables) con filtros intercambiáveis:



1. Rompa a embalaxe plástica que contén a semimáscara e os filtros.
2. Enrosque ambos filtros (de maneira aséptica) en sentido das agullas do reloxo.
3. Coloque a semimáscara na cara, no caso dos homes deberían de estar afeitados (para obter unha mellor estanqueidade).
4. Suxeite sobre a ponte nasal e boca a semimáscara cunha man á vez que coloca o arnés superior na parte alta da cabeza, utilice ambas mans para colocar o arnés inferior que se abrochará na parte posterior do pescozo.
5. Axuste o arnés detrás do pescozo ata obter unha suxeición segura, a tensión das bandas pódese reducir afrouxando as fibelas na súa parte posterior.



6. Para realizar unha proba de axuste, tape coa palma da man a entrada dos filtros, obstruíndo a entrada de aire, deberá sentir que a máscara se lle adhire levemente á cara, se non é así, significa que debe haber unha fuga de aire, axuste de novo as bandas e repita a operación.



MODO DE EMPREGO:

Mascarillas FFP2NR e FFP3NR (non reutilizable):



1. Rompa a embalaxe plástica que contén a mascarilla.
2. Colla a mascarilla pola parte exterior (de maneira aséptica) cunha man, e coa outra estire as gomas cara á parte posterior da cabeza tentando que as gomas non pincen as orellas.
3. Colóquea na cara de tal forma que cubra perfectamente a zona buco-nasal.
4. Prema a ponte metálica (situada na parte superior da mascarilla) ata que se lle adapte ao seu tabique nasal.





LIMPEZA E HIXIENIZACIÓN:



Semimáscaras FFP2R/FFP3R:

Unha vez finalizada a utilización das semimáscaras:

1. Retírea do rostro.
2. Retírelle os filtros.
3. Páselle un pano con alcol pola superficie externa dos filtros.
4. Pulverice lixeiramente (cun spray) unha solución alcohólica ou peróxido de hidróxeno ao 1% na entrada dos filtros.
5. Mergulle a semimáscara en auga e xabón fregando suavemente.
6. Aclare con auga limpa.
7. Páselle un pano e pulverice con peróxido de hidróxeno (auga osixenada) ou cunha solución alcohólica (como seguridade adicional).
8. Deixe secar.
9. Garde a semimáscara cos seus filtros nunha bolsa hermética (tipo bolsa conxelación).

<https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>



ANÁLISE FINAL SEMIMÁSCARAS:

Semimáscara FFP2R:

- . Capacidade media-alta de filtración.
- . Protección total respiratoria contra o COVID-19.
- . Menor dificultade para respirar (menor sensación de afogo).
- . Máis recomendable para actividades intensas.

Semimáscara FFP3R:

- . Alto poder filtrante.
- . Protección total respiratoria contra o COVID-19.
- . Maior dificultade respiratoria (maior sensación de afogo).
- . Menos recomendable para actividades intensas.

Ambas semimáscaras cumpren sobradamente cos protocolos esixidos para a protección respiratoria ante o contaxio por COVID-19.

Ata hoxe, nunca se deron as circunstancias que provocasen que os membros do SPIF tivesen a necesidade de traballar e/ou convivir cunha semimáscara posta, por tanto, aconsellamos empregala polo menos durante unha hora diaria (como adestramento) para adaptarnos ao seu uso.

ANÁLISE FINAL MASCARILLAS:

Mascarillas FFP2NR e FFP3NR:

- . Protección total respiratoria contra o COVID-19.
- . Lixeireza
- . Fácil uso
- . Cómodas
- . Menos capacidade illante
- . Recomendable para actividades cotiás
- . Non reutilizables

